

Convenio de colaboración educativa entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Vitivinícola do Ribeiro, S.C.G. para o desenvolvemento de ensinanzas de formación profesional da familia de industrias alimentarias na comarca do Ribeiro

En Ribadavia, dous de outubro de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, don Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación da mesma, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei do Parlamento de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

Doutra, don Manuel García Montero, en calidade de Presidente de Vitivinícola do Ribeiro S.C.G. según acordo da assemblea xeral de dezanove de decembro de dous mil diez, acordo elevado ante a notaria de Ribadavia dona Ana Isabel Celeiro Fernández o quince de marzo de dous mil once.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

1. Que a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, determina no artigo 39 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar aos alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

2. Que o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla a relación coas empresas nos seguintes aspectos:

- a) A consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes.
- b) Esta colaboración ten a seguinte finalidade:
 - Realización do módulo de formación en centros de traballo.
 - Impartición de módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional ou módulos formativos incluídos en certificados de profesionalidade nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais.
 - Uso polas empresas das instalacións e do equipamento dos centros, nas condicións que se determine, sempre que non interfiran no desenvolvemento das actividades docentes.
 - Actualización profesional dos traballadores e as traballadoras, así como do profesorado. Esta formación poderá incluír estadias temporais do profesorado nas empresas, tanto para a formación dos seus traballadores e das súas traballadoras como para a actualización do profesorado.
 - A validación das accións de formación desenvolvidas nas empresas, de acordo cos requisitos que se establezan, co fin de lles facilitar aos seus traballadores e ás súas traballadoras a obtención dun título de formación profesional.
 - Desenvolvemento conxunto de proxectos de innovación
- c) A colaboración formalizarase mediante convenio.



3. Que a Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificación e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas. Con este fin créase o Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional, e no seu marco orientaranse as accións formativas programadas e desenvolvidas en coordinación coas políticas activas de emprego e de fomento da libre circulación de traballadores.

4. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria autorizou mediante a orde do 12 de xuño de 2012 pola que se actualiza a oferta de ciclos formativos polo réxime ordinario, por curso completo e en modalidade presencial, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano académico 2012-2013 a oferta do ciclo formativo de grao medio Aceites de oliva e viños no Instituto de Educación Secundaria de Ribadavia, para favorecer ao sector vitivinícola, esencial no desenvolvemento económico da comarca do Ribeiro, e para dar resposta ás necesidades de cualificación que demanda o sector.

5. Que a Vitivinícola do Ribeiro, S.C.G. posúe o equipamento e as instalacións específicas e necesarias, a bodega e o laboratorio de análises, para poder impartir as ensinanzas do ciclo de grao medio Aceites de oliva e viños das que non se dispoñen no IES de Ribadavia.

6. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Vitivinícola do Ribeiro, S.C.G. coinciden en considerar a necesidade desta colaboración para adecuar a formación profesional ás demandas e necesidades dun sector, o vitivinícola, de gran arraigo na comarca do Ribeiro.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, en base ás seguintes,

CLÁUSULAS

Obxecto do convenio

Primeira. O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración no campo da formación profesional entre Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Vitivinícola do Ribeiro, S.C.G., e levar a cabo as seguintes actuacións:



- a. Establecemento dun programa de formación en centros de traballo, para alumnado que curse formación profesional inicial e o desenvolvemento do mesmo nas instalacións da Vitivinícola do Ribeiro, S.C.G.
- b. Promoción de ensinanzas de formación profesional da familia industrias alimentarias: ciclo formativo de grao medio Aceites de oliva e viños.
- c. Formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- d. Promoción e difusión destas ensinanzas, así como das súas saídas profesionais entre o alumnado de formación profesional.

Programa de formación en centros de traballo

Segunda. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través do IES de Ribadavia, e a Vitivinícola do Ribeiro, S.C.G., determinarán por escrito e para cada curso escolar, os alumnos que vaian realizar o módulo de formación en centros de traballo (FCT), previsto nos ciclos formativos, nas súas instalacións. Tamén determinarán o calendario e o horario do módulo, que terá que axustarse ao previsto no mesmo.

A cooperativa responsabilizarase da formación do alumnado, para o que designará aos titores responsables de cada área formativa. O centro educativo tamén designará un titor ou titores que colaborarán co titor do centro de traballo na elaboración do programa formativo e no apoio técnico aos alumnos.

A cooperativa poderá desistir libremente de continuar a colaboración formativa, respecto de calquera alumno, por incumprimento das normas, abondando para iso unha comunicación escrita ao centro escolar, oído previamente o titor do mesmo.

Terceira. O alumno non terá en ningún caso vinculación laboral coa cooperativa, non podendo establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación, previstos nos artigos 11 e 12 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, polo que os alumnos acollidos a este convenio quedan absolutamente excluídos da lexislación laboral. Durante o período de prácticas concertado non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo entre a cooperativa e o



alumno, mentres non se revoque expresamente o concerto de colaboración formativa entre o centro educativo e a cooperativa, respecto dese alumno.

Cuarta. Os riscos por accidentes de traballo derivados da realización das prácticas, tanto se afectan ás cousas ou a terceiros coma ao propio alumno, incluídos os constitutivos de invalidez ou determinantes de morte, quedan cubertos por unha póliza de seguro colectivo adicional de carácter civil que ten subscrita a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Promoción de ensinanzas de formación profesional da familia industrias alimentarias: ciclo formativo de grao medio Aceites de oliva e viños.

Quinta. A Vitivinícola do Ribeiro, S.C.G. porá a disposición do IES de Ribadavia as instalacións co equipamento necesario para poder impartir aqueles módulos do ciclo de grao medio Aceites de oliva e viños que polas súas características requiran dunhas instalacións específicas.

Sexta. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aportará o persoal docente, necesario para o desenvolvemento das ensinanzas do ciclo formativo Aceites de oliva e viños.

Sétima. Ao inicio do curso académico acordarase entre a dirección do centro educativo e da cooperativa o calendario e o horario das estancias e prácticas do alumnado do ciclo na cooperativa, que non debe interferir co desenvolvemento do traballo habitual da cooperativa. Así mesmo, ambas partes colaborarán no correcto mantemento e bo funcionamento das instalacións e do material empregado nas prácticas do alumnado.

Oitava. Estas ensinanzas do ciclo de grao medio Aceites de oliva e viños, como parte da oferta formativa do IES de Ribadavia, están sometidas ao ámbito de actuación da Inspección Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no que se refire ao establecemento, desenvolvemento e supervisión do seu plano educativo, segundo a normativa vixente.



Formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Novena. A proposta dunha das partes implicadas poderanse organizar cursos, seminarios, estudos, sobre distintos temas dentro do ámbito deste convenio e de común interese para as partes, tanto para persoal específico da Vitivinícola do Ribeiro, S.C.G. como da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A tal fin, a Vitivinícola do Ribeiro, S.C.G. colaborará, mediante o oportuno apoio técnico e loxístico, no programa de formación do profesorado e máis concretamente nas estancias en empresas por tempo definido, para o profesorado de formación profesional e segundo as necesidades de formación, previstas na convocatoria de estadias en empresas que anualmente promove a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Comisión de seguimento

Décima. Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión deste convenio, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Esta comisión estará constituída por:

- A. Tres representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, un dos cales actuará como presidente da comisión.
- B. Tres representantes da Vitivinícola do Ribeiro, S.C.G.
- C. Un funcionario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que actuará como secretario.

Vixencia do convenio

Décimo primeira. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de dous anos, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á finalización do convenio.

Carácter administrativo do convenio

Décimo segunda. O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto no artigo 4.1 e 2, do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o

texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o exclúe do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Lido o presente convenio, atópano conforme e asínano na lugar e data indicados.

O Conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

O Presidente da Vitivinícola do Ribeiro,
S.C.G.

Asdo.: Jesús Vázquez Abad

Asdo.: Manuel García Montero